

A ENTRADA NA ESCOLA

Estimadas familias:

Desde o Departamento de Orientación do CEIP Francisco Vales Villamarín queremos facervos chegar algunhas consideracións á hora de matricular por vez primeira aos vosos nenos e nenas, tanto no noso centro, coma nas Escolas de Educación Infantil dos concellos de Coirós e Paderne, adscritas ao mesmo e pertencentes, polo tanto, a este Departamento.

A educación dos/as vosos/as fillos/as é cousa de todos!

Sabemos que ninguén coma vós para coñecer aos vosos fillos e fillas, por iso é fundamental a vosa colaboración e precisamos que nos facilitedes a maior información acerca deles.

Para que podamos contribuír coa vosa labor educativa precisamos dunha fluída relación familia-escola. Contades co titor/a dos vosos fillos/as e co Departamento de Orientación para apoiarvos en todo o que precisedes.

O/a **titor/a** debe ser a vosa persoa de referencia no centro, a primeira persoa á que comunicar calquera inquietude e con quen aconsellamos manter unha reunión ao trimestre para informarvos da evolución do/a voso/a fillo/a e adoptar conxuntamente as medidas oportunas, de ser necesarias.

Debedes confiar nos consellos e orientacións do/a titor/a e, en caso de dúbida ou calquera inquietude, podedes acudir ao DO.

O/A **Orientador/a** é un membro do equipo docente que vos pode asesorar na labor educativa e orientarvos na procura de solucións aos problemas que podan xurdir.



Período de adaptación

É un período fundamental para facilitar a adaptación dos/as vosos/as fillos/as á realidade da escola e aprender a estar separado da familia.

Debedes respectar os horarios, as normas de entrada e saída e o uso do mandilón correspondente, sendo un exemplo en positivo para os vosos/as fillos/as.

A etapa de Educación Infantil

Aínda que non é obrigatoria, é unha etapa educativa.

Consta de dous ciclos:

- De 0-3 anos
- De 3-6 anos

A **finalidade** é contribuír ao desenvolvemento integral e harmónico do alumnado en todas as súas dimensións: física, emocional, sexual, afectiva, social, cognitiva e artística, potenciando a autonomía persoal e a creación progresiva dunha imaxe positiva e equilibrada de si mesmo, así como á educación en valores cívicos para a convivencia.

Precisamos a vosa axuda

Para acadar os fins da etapa, precisamos que nos faciliteades a maior información acerca dos vosos/as fillos/as, tanto no comezo da súa escolarización como ao longo da mesma, en especial se xurden algún tipo de problemas (alerxias, problemas de saúde, necesidades educativas especiais, situacións legais de custodia e patria potestade... ou calquera outro aspecto que consideredes oportuno).

Esperamos participedes activamente na educación dos vosos fillos e fillas, actividades de centro, propostas formativas,... e estamos abertos ao diálogo e calquera suxestión ou opinión que consideredes oportunas.

GRAZAS POLA VOSA COLABORACIÓN



Que é o Departamento de Orientación?

É un equipo de Mestres especialistas en Audición e Linguaxe e en Pedagogía Terapéutica, coordinados polos/as Orientadores/as do centro.

Ten como **finalidade** acadar a cooperación de toda a comunidade educativa para lograr o desenvolvemento persoal, social e académico de todo o alumnado do Centro. Pretende ser unha ferramenta máis do centro para facilitar o asesoramento, intervención e seguimento psicopedagóxico ao profesorado, alumnado e familias.

Obxectivo principal

Asesorar ás familias en diferentes temas psicopedagóxicos, así como tamén, ao profesorado para mellorar a labor educativa de todos.

Así mesmo, o Departamento, en colaboración con familia e mestres/as, ten como labor fundamental previr e/ou detectar aqueles problemas que se podan presentar dentro dos procesos de ensinanza/aprendizaxe.